REUNIÓN DA COMISIÓN 3.ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Día: 16.02.2018 Hora: 10:30

A Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 16 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

9917 (10/CPC-000018)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, por petición propia, para informar sobre novos programas de financiamento en favor das pemes galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017

Punto 2. Preguntas

22220 (10/POC-003620)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a elaboración do informe relativo á reestruturación bancaria en Galicia en cumprimento do acordo parlamentario da Comisión 3ª do 09/06/2017, as conclusións extraídas del polo Goberno galego e se se adoptou algún mecanismo de medición das consecuencias do dito proceso de reestruturación bancaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 4177 (10/PNC-000391)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, de medidas de transparencia, inspección e control en relación coa comercialización dos produtos financeiros emitidos polas entidades bancarias, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017

3.2 23375 (10/PNC-001861)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa convocatoria de axudas e subvencións no ano 2018 para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración coas entidades locais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

3.3 24201 (10/PNC-001910)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da redución ao 4% do IVE dos produtos de hixiene íntima feminina, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

Abel Fermín Losada Álvarez

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 3.ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez	S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Secretario

Gonzalo Trenor López	P

Vogais

José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Antón Sánchez García	EM
Sandra Vázquez Domínguez	P

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 9917(10/CPC-000018)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, por petición propia, para informar sobre novos programas de financiamento en favor das pemes galegas

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
02 XUÑ. 2017
Núm. 9917

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 2 XUÑ. 2017
SAIDA
Num. 574

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia -a petición propia- ante a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para informar sobre **"novos programas de financiamento en favor das pemes galegas".**

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 22220(10/POC-003620)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a elaboración do informe relativo á reestruturación bancaria en Galicia en cumprimento do acordo parlamentario da Comisión 3ª do 09/06/2017, as conclusións extraídas del polo Goberno galego e se se adoptou algún mecanismo de medición das consecuencias do dito proceso de reestruturación bancaria

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:37
Nº Rexistro: 22220
Data envio: 04/01/2018 13:37:11.827

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**.

O pasado sete de xuño coñeceuse publicamente a venda, durante esa madrugada, do Banco Popular ao Santander. Consumábase, desta forma, a crónica dunha morte anunciada. Diferentes novas e indicios das semanas e meses anteriores facía prever a venda desta entidade. Precisamente por ese motivo, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista tiña presentado, entre outras, ante o Parlamento Galego a iniciativa número de rexistro 9315 (10/PNC-000973) que, ademais, estaba incorporada para o debate da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos a celebrar o día nove de xuño de 2017, apenas dous días despois da desafortunada nova da venda.

A Proposición non de lei versaba sobre a realización polo Goberno galego dun informe respecto das consecuencias da reestruturación bancaria en Galiza, a situación de concentración do mercado financeiro tras a desaparición das caixas e entidades bancarias galegas e a súa afección para as persoas usuarias na que se facía fincapé no impacto que tería a venda da entidade anteriormente mencionada.

Nesa comisión chegouse a un acordo por unanimidade de todos os grupos políticos que ditaba como segue:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza a:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:37
Nº Rexistro: 22220
Data envio: 04/01/2018 13:37:11.827

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

—Realizar un exhaustivo informe que analice as consecuencias da reestruturación bancaria en Galiza, a situación de concentración do mercado bancario após a desaparición das caixas e entidades bancarias galegas e as súas consecuencias para as persoas usuarias de servizos financeiros en Galiza.

—Trasladar este informe á Cámara galega para o seu coñecemento e debate.»

Pasado máis de medio ano de dito acordo, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que o goberno galego tivo tempo máis que suficiente para elaborar un estudo profundo sobre a situación e é hora de debater o seu resultado así como promover acordos políticos para as liñas de actuación que deste se deriven.

Por todos estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Que conclusións tirou o goberno galego en cumprimento do acordo parlamentar da Comisión 3ª do 9/06/2017 relativo á un exhaustivo informe que analice as consecuencias da reestruturación bancaria en Galiza?

-En que data ten prevista a súa remisión á cámara, presentación e debate?

-Cal foi o procedemento deseñado polo goberno galego para cumprir o acordo e elaborar o informe?

-Que consellaría ou consellarías participaron?

-Contou o goberno galego coa opinión e participación Consello Económico e Social de Galiza?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:37
Nº Rexistro: 22220
Data envio: 04/01/2018 13:37:11.827

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Contou o goberno galego coa opinión e participación das tres universidades galegas? Por que vía?

-Contou o goberno galego con estudos e informacións estatísticas de produción propia? A través de que mecanismos?

-Cales conclúe o goberno galego que son as principais consecuencias para as persoas usuarias? Ten avaliado xa propostas para actuar ao respecto, na medida das súas competencias?

-Cales conclúe o goberno galego que son as principais consecuencias para a oferta de servizos financeiros? Ten avaliado xa propostas para actuar ao respecto, na medida das súas competencias?

-Ten adoptado o goberno galego algún mecanismo de medición, ben cuantitativo, ben cualitativo, das consecuencias derivadas da centralización bancaria para estudar os seus efectos progresivamente nos vindeiros anos? Cales?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:37
Nº Rexistro: 22220
Data envio: 04/01/2018 13:37:11.827

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2018 13:32:09

María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2018 13:32:14

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2018 13:32:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/01/2018 13:32:17

Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2018 13:32:19

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2018 13:32:21

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 16.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

3.1 4177(10/PNC-000391)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, de medidas de transparencia, inspección e control en relación coa comercialización dos produtos financeiros emitidos polas entidades bancarias, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, 62, 08.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2017 13:50
Nº Rexistro: 4177
Data envio: 27/01/2017 13:50:02.959

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa do seu vice-portavoz **Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa a medidas de transparencia, vixilancia e control de produtos financeiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1.- Recentemente unha sentencia do TJUE sobre as Cláusulas Chan dos préstamos hipotecarios, ven de poñer outra vez no primeiro plano a situación de abuso no Estado español da banca sobre os dereitos dos consumidores.

Unha vez máis a sentencia europea fía a ilegalidade das cláusulas a unha falta de información por parte dos bancos. É recorrente, coma xa aconteceu coas obrigas preferentes e subordinadas as sentenzas falan de irregularidades na comercialización de ditos produtos financeiros complexos.

Ante tal abuso por parte das prácticas infractoras dos dereitos das persoas consumidoras de produtos financeiros, foi intencionadamente pasiva a actuación das administración públicas e dos órganos de tutela e inspección (Banco de España e CNMV, nomeadamente) na prevención de actuacións dolosas e/ou fraudulentas por parte das entidades.

2.- A mediados do ano pasado, aprobouse a Directiva 2016/1034/UE, pola que se modifica a Directiva 2014/65/UE, relativa aos mercados de instrumentos financeiros.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2017 13:50
Nº Rexistro: 4177
Data envio: 27/01/2017 13:50:02.959

Este novo marco normativo, xurdido da crise financeira e dos mercados de capitais, pretende reforzar a protección dos investidores, en especial dos minoristas. Os Estados membros tiñan de prazo inicial ata o 3 de xullo de 2016 para traspoñer a Directiva 2014/65/UE e debían aplicar as medidas a partir do 3 de xaneiro de 2017; prazos que foron ampliados pola Directiva 2016/1034/UE ata o 03/07/2017 e ata o 03/01/2018, respectivamente.

Non obstante o anterior, parte de tal normativa da UE xa foi parcialmente incorporada ao ordenamento xurídico estatal (RDL 4/2015, de 23 de outubro, de texto refundido da Lei do Mercado de Valores) pero non na súa totalidade no referido á supervisión, inspección e tutela das entidades financeiras (tanto a Lei 10/2014, de 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades de crédito como a súa norma regulamentaria de desenvolvemento, o RD 84/2015, de 13 de febreiro, non están adaptadas ás Directivas comunitarias anteditas).

Falla de adaptación e revisión da normativa que é especialmente grave en relación coa tutela das obrigas de información e publicidade dos produtos financeiros (que, a data de hoxe, segue en vigor a Orde EHA/1717/2010, de 11 de xuño, de regulación e control da publicidade de servizos e produtos de investimento).

Do mesmo xeito, a Orde ECC/2316/2015, de 4 de novembro, relativa ás obrigas de información e clasificación de produtos financeiros, exclúe do seu ámbito de aplicación, entre outros, as participacións nos fondos de investimento e determinadas modalidades de seguros colectivos e fondos de pensións que, pola súa natureza, precisan de desenvolvemento normativo (tanto a nivel comunitario como estatal).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2017 13:50
Nº Rexistro: 4177
Data envio: 27/01/2017 13:50:02.959

Con independencia do anterior, e, a salvagarda das competencias do Banco de España e a CNMV, a Xunta de Galicia ten competencias na supervisión, inspección e tutela das entidades financeiras e dos seus produtos (de conformidade coas que lle atribúe a Lei 10/2014, de 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito), incluíndo as sancionadoras, ao que cabe engadir as competencias exclusivas en materia de consumo, en especial naqueles supostos nos que, tal e como reflicten as sentenzas, o que se produce é unha comercialización inadecuada de produtos financeiros complexos. Corresponderíalle, apor tanto, e con independencia das actuacións que lle competen ao Estado, Banco de España e CNMV, tamén lle compete á Xunta actuar en defensa dos intereses das persoas consumidoras e usuarias de tales produtos e servizos.

3.- Ante a baixada da marxe financeira, os bancos tentan incrementar as comisións cobradas, trasladando os xuros negativos reais á clientela. Para iso os bancos teñen políticas comerciais destinadas a orientar os aforros da clientela cara a fondos de investimento, plans de pensións, seguros, etc. Produtos en moitos casos de maior risco e complexidade, pero que supoñen que o banco perciba comisión por parte das xestores de fondos e aseguradoras.

Por exemplo os fondos de investimento pecharon o 2016 cun patrimonio de 234.000 millóns de euros. Un incremento do 6.6%. Tendo en conta que moitos fondos, incluso os denominados conservadores, tiveron perdas patrimoniais, o traspase de activo das tradicionais contas de prazo ao fondos foi maior. En moitos fondos as perdas reais son tapadas co incremento do patrimonio captado nun funcionamento case piramidal.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2017 13:50
Nº Rexistro: 4177
Data envio: 27/01/2017 13:50:02.959

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Hoxe a idoneidade dun produto para un cliente, está a ser analizada polo persoal das propias entidades financeiras, o cal ten a obriga por mandato empresarial de colocar o produto, existindo un claro conflito de intereses.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia:

1) A poñer en marcha, a través do Instituto Galego de Consumo, medidas de control, inspección e control sobre os produtos financeiros comercializados nas entidades financeiras en Galiza, garantindo a correcta comercialización, con axuste á lexislación vixente, en especial no referido aos deberes de publicidade, información e clasificación de ditos produtos.

2.- A que avalíe si os produtos financeiros comercializados son aptos para a clientela minorista, e que sexa a administración publica galega quen determine un posible cambio do perfil investidor dun cliente.

3.- A dirixirse ao goberno do Estado, para que na elaboración e contido normativo da transposición das Directivas da Unión Europea, se teña en conta o réxime competencial da propia administración galega, así coma a participación das organizacións de consumidores e dos sindicatos.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2017 13:50
Nº Rexistro: 4177
Data envio: 27/01/2017 13:50:02.959

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/01/2017 13:49:28

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3.2 23375(10/PNC-001861)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa convocatoria de axudas e subvencións no ano 2018 para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración coas entidades locais

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 23375
Data envio: 16/01/2018 19:35:27.628

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O 11 de xaneiro de 2018 publicouse no DOG a Orde do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria *para o exercicio do ano 2018; subvencións financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.322C.460.2 (2015 00489) por un importe global de 1.300.000 euros e na que se establece* como beneficiarios os concellos e as mancomunidades de concellos, os consorcios locais e as entidades locais menores, sempre que todos eles dispoñan de capacidade técnica e de xestión suficientes para a execución dos correspondentes proxectos.

Na exposición de motivos, establécese que lle corresponde á Consellería de Economía, Emprego e Industria a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas, por unha banda, a fomentar a creación de emprego de calidade e, por outra, a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego e de acordo coa Axenda 20 para o Emprego, e no eido da colaboración institucional e o diálogo social entre o Goberno galego e os axentes económicos e sociais de Galicia.

A dita orde establece nos seus artigos:

"*Artigo 1. Obxecto e finalidade*

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións que están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais a través da contratación de

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 23375
Data envio: 16/01/2018 19:35:27.628

persoas traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social (procedemento TR351A), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral".

"*Artigo 4. Requisitos das obras ou servizos*

1. As obras ou servizos que se desenvolverán mediante a actividade das persoas traballadoras desempregadas deberán ser de interese xeral e social, competencia das entidades locais e cumprir os seguintes requisitos:

a) Que sexan executados polas entidades locais en réxime de administración directa ou polos organismos, entes ou empresas públicas a que se encomende a súa execución.

b) Que, na súa execución ou prestación, se favoreza a formación e práctica profesionais das persoas desempregadas.

c) Que a porcentaxe mínima de persoas traballadoras desempregadas que se vaian ocupar na realización da obra ou servizo sexa do 75 %.

d) Que a entidade local dispoña de asignación orzamentaria suficiente para facerse cargo das partidas orzamentarias non subvencionadas para a realización das obras ou servizos.

e) Que sexan proxectos que teñan en conta profesións que favorezan a inserción laboral.

f) Que a duración dos contratos das persoas desempregadas que vaian desenvolver a prestación dos servizos non supere os tres meses desde a súa data de inicio, cando a xornada sexa a tempo completo. En caso de contratacións a tempo parcial, de ata o 50 %, a dita duración máxima poderá estenderse ata os seis meses".

"*Artigo 5. Subvención. Contía*

1. A contía da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será, para efectos salariais, a equivalente á necesaria para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude, por cada persoa traballadora desempregada contratada, cos seguintes máximos:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 23375
Data envio: 16/01/2018 19:35:27.628

Para o grupo de cotización 1: 2.700 €.
Para o grupo de cotización 2: 2.200 €.
Para o grupo de cotización 3: 2.000 €.
Para o grupo de cotización 4: 1.900 €.
Para o grupo de cotización 5: 1.800 €.
Para o grupo de cotización 6: 1.700 €.
Para o grupo de cotización 7: 1.600 €.
Para o grupo de cotización 8: 1.500 €.
Para o grupo de cotización 9: 1.500 €.
Para o grupo de cotización 10: 1.500 €.

Estes importes máximos incrementaranse nun 15 % no caso de que as contratacións se realicen nunha obra ou servizo solicitado conxuntamente, de acordo co punto 2.3 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de febreiro de 2013.

Á vista destes datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Habilitar a cantidade de 8,7M € para incrementar a contía consignada na convocatoria destas axudas para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, ata chegar a 10M €.

2º) Establecer un período mínimo de 6 meses para as persoas desempregadas no caso de contratos a tempo completo, e de doce meses para os contratos a media xornada.

3º) Suprimir o requisito de solicitude conxunta de acordo co punto 2.3 do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de febreiro de 2013.

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 23375
Data envio: 16/01/2018 19:35:27.628

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2018 19:22:50

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/01/2018 19:22:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2018 19:23:04

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/01/2018 19:23:12

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2018 19:23:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/01/2018 19:23:29

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3.3 24201(10/PNC-001910)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da redución ao 4% do IVE dos produtos de hixiene íntima feminina, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 17:57
Nº Rexistro: 24201
Data envio: 25/01/2018 17:57:02.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, relativa á demanda da redución do IVE sobre os produtos de hixiene íntima.

A desigualdade que sofren as mulleres na sociedade actual pode identificarse en múltiples aspectos, sendo o económico un elemento determinante. Para alén da desigualdade económica directa derivada da discriminación salarial, de representar unha maior ocupación das xornadas parciais e das dificultades no acceso á vida laboral, hai unha desigualdade económica menos visíbel a través dos produtos no mercado coñecidos como de hixiene íntima.

A oferta do mercado fai que cada muller, ao longo da súa vida, teña que empregar na idade fértil diferentes tipos de produtos durante a menstruación. Porén, lonxe de ter un Imposto sobre o valor engadido reducido, como sería lóxico dun produto de emprego básico, é elevado e incrementa de maneira importante o custo da bolsa da compra. Acrecenta, polo tanto, unha desigualdade entre mulleres e homes, que non sofren a suba doutros produtos básicos, afondando nunha diferenza biolóxica e contravindo o principio de non discriminación por razón de sexo ou calquera outra condición persoal ou social.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 17:57
Nº Rexistro: 24201
Data envio: 25/01/2018 17:57:02.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre recordar que na IX lexislatura, a iniciativa da deputada do Grupo Parlamentario Mixto Dona Carmen Iglesias Sueiro, o Pleno do Parlamento Galego aprobou o 24 de febreiro de 2016 unha Proposición non de lei sobre as demandas que debía realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co IVE que se estaba a aplicar aos produtos de hixiene íntima feminina co seguinte acordo: O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a negociar co Goberno do Estado a rebaixa do IVE ao 4 % para os produtos de hixiene feminina como compresas, tampóns ou copas menstruais.

Porén, pasados case dous anos deste acordo, as mulleres galegas seguimos sufrindo a carga impositiva abusiva por parte do goberno central malia que tamén no Congreso dos Deputados se teñen aprobado iniciativas semellantes.

A inexistencia, neste momento, dunha facenda galega con capacidade para xestionar este tipo de imposto impide que o poidamos facer desde Galiza con carácter inmediato. Aínda así, cómpre que desde o Parlamento Galego e a Xunta de Galiza se esixa ao Goberno central unha rectificación que, neste momento económico de aumento da recadación, debera ser posta en práctica sen máis dilación.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1- Dirixirse ao goberno central para demandar a redución do IVE sobre os produtos coñecidos como de hixiene íntima (compresas, tampóns e copas menstruais) do 10% ao 4%

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 17:57
Nº Rexistro: 24201
Data envio: 25/01/2018 17:57:02.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2- Elaborar e remitir ao Parlamento galego un informe sobre as actuacións levadas a cabo para o cumprimento desta demanda.

3- Desenvolver, no ámbito das súas competencias, a divulgación das alternativas ás compresas e tampóns e das súas vantaxes económicas e de respecto ao medio ambiente nas súas campañas informativas, especialmente as desenvolvidas ou destinadas a centros educativos e de xuventude."

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2018 17:53:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 17:57
Nº Rexistro: 24201
Data envio: 25/01/2018 17:57:02.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2018 17:54:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/01/2018 17:54:07

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2018 17:54:09

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2018 17:54:10

Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2018 17:54:16